

## Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

D./Dna. \_\_\_\_\_ DI nº \_\_\_\_\_, con  
endereço a efectos de notificación en \_\_\_\_\_, na  
localidade de \_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_, CIF nº \_\_\_\_\_.

### EXPÓN:

**1º.** Que perante anuncio do 20 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, someteuse a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L. e declarado proxecto industrial estratéxico (PE) polo Acordo do Consello de la Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2022, a implantar no concello de Palas de Rei.

**2º.** Que a recente sentenza do Tribunal de Xustiza da UE (Gran Sala), do 25 de xuño de 2024, recaída en Procedemento prexudicial plantexado por un Tribunal italiano, vén aclarar o alcance e interpretación de certos preceptos da Directiva 2010/75/UE (IPPC), vén de declarar o seguinte (cuestión prexudicial segunda - alíneas 106 e 122- da sentenza):

*“Para os efectos de expedir ou revisar a autorización de explotación dunha instalación ao abeiro da citada Directiva [2010/75/UE, IPPC], a autoridade competente deberá ter en conta, ademais das substancias contaminantes que sexan previsibles pola natureza e o tipo de actividade industrial implicada, todas aquelas que sexan obxecto de emisións científicamente recoñecidas como nocivas e que poidan ser emitidas pola instalación, incluídas as xeradas pola devandita actividade que non fosen autorizadas no procedemento de autorización inicial da instalación.”*

**3º.** Que en base á interpretación anteriormente exposta esta Administración queda obrigada a tomar as previsións pertinentes en relación ás avaliacións previas das repercusións da actividade das instalacións, tanto sobre o medio ambiente como sobre saúde humana, e a integrar ditas previsións nos procedementos de expedición e revisión de permisos de explotación. O cal implica, en fin, que se deberán ter en conta, *“ademais das substancias contaminantes previsibles en función da natureza e o tipo de actividade industrial de que se trate, todas as substancias suxeitas a emisións científicamente recoñecidas como nocivas que poidan ser emitidas pola instalación, incluídas as xeradas por esa actividade que non fosen avaliadas no procedemento de autorización inicial desa instalación”*.

**4º.** Que o proxecto que foi obxecto de información pública referido no ordinal primeiro deste escrito só contemplou e cuantificou catro substancias contaminantes a atmosfera (partículas PM10, óxidos de nitróxeno, óxidos de xofre e TRS), e non cuantificou nin determinou efectos ambientais de partículas finas PM2,5, dióxido de carbono, monóxido de carbono, ou compostos orgánicos volátiles, o cal determina que se estean a incumprir os mandatos da Directiva 2010/75 na interpretación fixada polo Tribunal de Xustiza na súa sentenza de 25 de xuño do ano en curso, antes referida.

**5º.** Que en data 5 de marzo de 2025 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade emitíu unha DIA (Declaración de Impacto Ambiental) favorábel para o proxecto referido no ordinal primeiro. Neste documento a Administración incluía a obriga de que aliás dos contaminantes declarados pola empresa (os 4 sinalados no ordinal 4º), a factoría non podería superar os valores doutras substancias nocivas (25) que a solicitante non tiña recollido na documentación do proxecto sometido a exposición pública. Porén, a sentenza do Alto tribunal europeo non se limita a obrigar que as administracións teñan que considerar todas as substancias que poidan ser emitidas por unha instalación, senón que a propia empresa está

obligada no procedemento de autorización a consignar tamén todos os contaminantes nocivos que podería emitir (cuestión prexudicial segunda, alínea 115 da sentenza):

*“En consecuencia, o titular dunha instalación está obrigado a facilitar, na súa solicitude de autorización de explotación da instalación, información sobre a natureza, cantidade e posibles efectos adversos das emisións que poida producir a instalación, para que as autoridades competentes poidan fixar valores límite para aquelas emisións, coa única excepción daquelas que, pola súa natureza ou cantidade, non poidan constituír un risco para o medio ambiente ou a saúde humana.”*

6º. Que no conxunto do expediente da solicitude de AAI da peticionaria non figura ningunha *addenda* con información complementaria sobre a natureza, cantidade e posibles efectos adversos daquelas substancias nocivas que podería emitir a fatoria, nin tampouco consta que a administración llela demandara. Dita información, que xa debería ter sido incluída pola mercantil na documentación da solicitude de AAI (proxecto e estudo de impacto ambiental), ou eventualmente nunha *addenda* ao proxecto e ao EIA, debería en todo caso ter sido obxecto de exposición e consulta pública, feito que non aconteceu.

Polo anteriormente exposto, **SOLICITO**:

Que por parte desta Administración e en aplicación da interpretación fixada na sentenza citada, procede declarar a nulidade da DIA e desestimar a solicitude de AAI e a solicitude de utilidade pública, presentadas pola promotora. Asemade, e en previsión dunha nova solicitude, deberíase requirir á mercantil para que proceda a expoñer *“na súa solicitude de autorización de explotación da instalación, información sobre a natureza, cantidade e posibles efectos adversos das emisións que poida producir a instalación, para que as autoridades competentes poidan fixar valores límite para aquelas emisións”*, e avaliar *“todas as substancias suxeitas a emisións cientificamente recoñecidas como nocivas que poidan ser emitidas pola instalación”* así como a someter novamente ao trámite de información pública esta documentación caso dunha eventual nova solicitude de autorización ambiental integrada.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de 2025,

Asdo.: